

FREDERICK

Texto e ilustracións de LEO LIONNI

Tradución de XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ BARREIRO

Encadernado en cartón. 22 x 30 cm. 40 páx. 16 €

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)

Frederick (galego)

ISBN 978-84-8464-502-3. Tras os montes.

Frederick (castelán)

ISBN 978-84-933759-1-1. Clásicos contemporáneos.

Frederick (catalán)

ISBN 978-84-8464-731-7. Clàssics contemporanis.

Frederick (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-917-3. Gaur egungo klasikoak.

Frederico (portugués)

ISBN 978-972-8781-30-9. Clásicos contemporáneos.

*"E ti, por que non traballas, Frederick?",
preguntábanlle os demais.*

"Eu traballo", respondíalles Frederick.


"Apaño raios de sol para os fríos días do inverno".

Unha familia de ratiños recolle provisións e todos traballan, agás Frederick, que aparentemente non fai nada. Pero sen que os demais o saiban, el tamén se aprovisiona: raiolas de sol, cores, palabras... Cando chega o inverno, os seus compañeiros recoñecen que a súa misión poética fora esencial para que os ratos sobrelevaran mellor a crueza da estación invernal. E así Frederick é aceptado tal e como é.

Leo Lionni é un dos pioneiros do álbum ilustrado moderno. Un dos temas que aborda o relato é a individualidade, o descubrimento e a aceptación da propia identidade. Frederick é poeta e demostra que, á súa maneira, tamén fai unha achega ao colectivo. O artista non se presenta como un ser automaxinado, senón como alguén necesario para os demais. Fronte á importancia do traballo, Frederick reivindica a necesidade de alimentarse de máis cousas que palla e noces.

Frederick pode parecer egoísta, pero ese egoísmo é, simplemente, unha mostra de fidelidade consigo mesmo. Lonxe de recriminarlle a súa aparente pasividade, os seus veciños de tobo permítenlle meditar, respectan a súa introspección e teñen curiosidade por ese mundo misterioso que, finalmente, agradecen.

O autor reflicte aquí a importancia da liberdade individual: os lectores séntense amparados, pois saben que os ratiños respectarán a individualidade de Frederick. Leo Lionni transmítenos que hai que ser o que un desexa, e selo sen temor, posto que os demais poderano asumir e entender.



- **Temática:** a poesía e a arte.
- **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.
- **Aspectos destacables:** clásico da literatura infantil; afirmación da identidade propia; liberdade individual; do autor e ilustrador de «Nadarín», «Pequeno Azul e Pequeno Amarelo», «A casa máis grande do mundo», «O soño de Matías», «Paso a paso», «Álex e o rato de corda», «Cornelio», «Unha cor propia», «Un pez es un pez», «Cores», «Números» e «Entre mundos» (KALANDRAKA).
- **En Kalandraka Tv:**
<https://kalandraka.tv/videos/leo-lionni-entre-mundos/>
<https://kalandraka.tv/videos/meet-leo-lionni/>
- **Avance do libro:**
https://issuu.com/kalandraka.com/docs/fred-erick-g_d1ee7d1d50658b

Leo Lionni

(Ámsterdam, Holanda, 1910 - Toscana, Italia, 1999)

Leo Lionni creceu nun ambiente artístico -a súa nai foi cantante de ópera, e o seu tío Piet, un afeccionado á pintura- e dende moi novo soubo que ese sería o seu destino. En cambio, a súa formación non foi artística, xa que se doutorou en Economía. En 1931 instalouse en Milán e entrou en contacto co deseño gráfico. Cando se trasladou a América en 1939, traballou nunha axencia de publicidade de Filadelfia, na Corporación Olivetti e na revista Fortune. Tamén medrou a súa reputación como artista e os seus cadros exhibíanse nas mellores galerías, dende Estados Unidos a Xapón. Como el mesmo dixo: "Dalgún modo, nalgún lugar, a arte expresa sempre os sentimentos da infancia". O seu primeiro libro para nenos non chegou ata 1959, e xurdiu case por casualidade: durante unha viaxe en tren ocorréuselle entreter os seus netos cun conto feito a base de anacos de papel de seda. Así naceu "Pequeno Azul e Pequeno Amarelo", ao que lle seguiron máis de 40 obras aclamadas en todo o mundo pola crítica especializada. Polos seus méritos como escultor, deseñador, pintor e ilustrador, recibiu en 1984 a Medalla de Ouro do Instituto Americano de Artes Gráficas.

